



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G003/002124

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Actividades maiores 55 anos 2023/2024)

DECRETO. Aprobación das Subsanacións ás listas provisionais de persoas admitidas e excluídas nas Actividades sociais para maiores de 55 ANOS CURSO 2023/2024, así como da reconfiguración das listas e necesidade de sorteo onde existe mais demanda que prazas.

Dacordo coas Bases Reguladoras da participación nas actividades sociais para maiores de 55 anos, aprobadas polo Decreto de Alcaldía nº 1921/2023 de 16 de outubro, e unha vez rematado o prazo para a subsanación e emenda de erros aprobado por Decreto de Alcaldía nº 1980/2023 de 23 de outubro.

Logo de ver o informe emitido pola técnica de Servizos Sociais, no que se propón:

A aprobación das listas anexas unha vez que se procedeu a corrixir os erros detectados e a incluír nos correspondentes grupos as 2 persoas que foran provisionalmente excluídas unha vez subsanaron a falta de documentación; asemade procede aceptar os desestamentos presentados polas persoas interesadas segundo constan nas listas correspondentes.

De acordo ás Bases reguladoras de participación nas actividades, no que se establece o número de participantes e o procedemento no caso de superar a demanda ás prazas existentes, procede o sorteo público para asignación das mesmas, segundo se detalla nas listas anexas.

PROPÓNSE A REALIZACIÓN DO SORTEO PÚBLICO O DÍA 2 DE NOVEMBRO AS 11:30 HORAS, NA AULA DE SERVIZOS SOCIAIS Realizado o sorteo deberá terse en conta o establecido nas Bases reguladoras, que establece que terán preferencia as persoas empadroadas e con residencia efectivas no concello de Sada.

A seguinte persoa, presentou a solicitude fora de prazo, pasará a formar parte da lista de agarda correspondente, segundo se establece nas Bases reguladoras:

Eulogio Lopez Río na actividade de Restauración luns 18h

En función das competencias atribuídas a esta alcaldía pola Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local:

esta alcaldía **RESOLVE:**

1º. A aprobación das listas anexas de admitidos, solicitantes en lista de agarda, grupos que provisionalmente non alcanzan número mínimo de solicitantes e necesidade de sorteo público naqueles grupos onde a demanda superou ás prazas existentes (15), procedendo o sorteo público para asignación das mesmas, segundo se detalla nas listas anexas.

2º A admisión da solicitude presentada fora de prazo que consonte as Bases aprobadas que pasa a formar parte da lista de agarda correspondente.

D.Eulogio López Río. Actividade: Restauración luns 18h.

3º. Aprobación da data de Sorteo público para o día

XOVES 2 DE NOVEMBRO AS 11:30 HORAS no local de Servizos Sociais.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

4º Continúese o procedemento segundo o aprobado nas ditas Bases Reguladoras.

5º Dease publicidade á presente resolución no taboleiro municipal, no dos Servizos Sociais e na web municipal.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.